



Representantes de CERMI entregaron á presidenta do Parlamento a versión galega de Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade

Pilar Rojo compromete o apoio do Parlamento ás persoas con discapacidade

Santiago, 2 de xullo de 2009.- Integrantes do Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) e do propio CERMI de Galicia entregaron á presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, a versión galega da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade no transcurso dunha entrevista celebrada este mediodía na sede da Cámara autonómica.

Na reunión, Rojo Noguera interesouse pola situación das persoas con discapacidade e comprometeu todo o seu apoio, e o da institución que preside, para mellorar as súas condicións de vida.

A Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade foi adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 13 de decembro de 2006. O documento prevé medidas, tanto de non discriminación, como de acción positiva, que os estados deberán implantar para garantir que as persoas con discapacidade poidan disfrutar dos seus dereitos en igualdade de condicións que os demais seres humanos

Durante a reunión, a presidenta do Parlamento de Galicia transmitiu aos representantes do CERMI a súa disposición para utilizar a Cámara como plataforma de sensibilización social a prol da realidade e necesidades deste colectivo.

A delegación do CERMI estatal que visitou o Parlamento de Galicia estivo encabezada polo seu presidente, Luiz Cayo Pérez Bueno. Pola súa banda, os representantes de CERMI Galicia acudiron encabezados polo seu presidente, Anxo Queiruga Vila.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA